

## **NOTA DE PRENSA**

*O Colexio Oficial de Psicoloxía organiza un encontro público o xoves 28 de abril en Santiago de Compostela*

# **Persoas expertas analizarán a problemática do acoso escolar e recursos para abordalo**

---

*Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016* - Un de cada dez adolescentes asegura ter sufrido acoso escolar, segundo un informe publicado nestes días por Save the Children que cartografía a situación do "bullying" a nivel estatal. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia quere reflexionar sobre esta grave problemática a través dun conversatorio que organiza mañá xoves ás 19 horas na sede de Afundación de Santiago de Compostela. No encontro, de asistencia libre, tratarase esta cuestión desde múltiples perspectivas con persoas relevantes no ámbito.

Intervirán Olegaria Mosqueda Bueno, psicóloga educativa e membro da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG; José Fernando Carrasco Mera, inspector de Educación non Universitario; xunto con Helena Gómez Vecino, presidenta da Confederación Galega de Anpas de Centros Públicos de Galicia. A moderadora da conversa será a decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada.

O acoso escolar é unha forma de violencia moi grave cunha maior incidencia na adolescencia, segundo o estudo da Fundación ANAR (Axuda a nenos e adolescentes en risco), e cunhas repercusións moi negativas tanto para a vítima como para quen agride. É un dos principais retos que ten por diante a psicoloxía educativa e o sistema de ensino no seu conxunto. Cómpre reflexionar sobre como previlo, detectalo e intervir; como traballar en conxunto a comunidade educativa e as familias, e este é obxectivo primordial da xornada de mañá.

***Xoves 28 de abril, 19:00h***

***Sede Afundación de Santiago de Compostela (Rúa Vilar 19)***

**Conversatorio "Accións contra o acoso escolar"**

**Saúdos,**

Se desexan solicitar **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns: 981 534 049 / 699 908 968 / [comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)